



Concello de Vigo  
Expte. 3675/1101

## PLENO DO EXCMO. CONCELLO. Núm. 21

### CONVOCATORIA

DECRETO DE CONVOCATORIA.

Sen prexuízo da asistencia telemática de aqueles concelleiros e concelleiras que por embarazo, maternidade, paternidade ou enfermidade grave decidan a súa asistencia nesa condición (artigo 60.5. do Regulamento Orgánico Pleno), convócase sesión pública do Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo para celebración de sesión **ORDINARIA**, ás **NOVE HORAS** do día **28 de decembro**.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 30 de novembro e extraordinaria do 14 de decembro de 2022.

#### **Ditames das comisións informativas:**

#### FOMENTO, SERVIZOS, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- 2.** Inadmisión da solicitude formulada polo Concello de O Porriño de Revisión de Oficio do Acordo Plenario do Concello de Vigo, de 27 de xaneiro de 1998. Expte. 1492/441 (Expte. Pleno 3655/1101)

#### URBANISMO

- 3.** Aprobación definitiva do Estudio de Detalle para World Car Center. Expte. 18423/411 (Expte. Pleno 3656/1101).



**Mocións:**

4. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno de España a atender as demandas da industria de automoción viguesa, asignando fondos do PERTE do automóbil e incluír na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de Moi Alta Tensión. Expte. 3680/1101.
5. Moción do grupo municipal Socialista, instando á consellería de Sanidade a adopción inmediata dun Plan de Choque que mellore a calidade asistencial na área Sanitaria de Vigo, dotándoa de medios económicos, materiais e humanos. Expte. Pleno 3681/1101.
6. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que asuma o financiamento íntegro do Centro Integral de Inclusión de Emerxencia Social do Concello de Vigo (Albergue), no exercicio das competencias que lle son propias. Expte. 3682/1101.

**PARTE DE CONTROL**

7. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 22.11 ao 19.12.22. Expte. 1336/1102 (Expte. Pleno 3673/1101)
8. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 22.11 ao 19.12.22. Expte. 1337/1102 (Expte. Pleno 3674/1101)
9. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 22.11.22, de delegación na concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico, a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do Noveno programa para arrombar medianeiras. Expte. 11018/307 (Expte. Pleno 3657/1101).

**Mocións.**

10. Moción do concelleiro membro non adscrito en favor do benestar animal na cidade. Expte. Pleno 3679/1101.
11. Moción do grupo municipal Mixto instando a garantir os dereitos laborais na contratación pública e o seguimento do cumprimento dos pregos concesionais. Expte. Pleno 3676/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/01/2023 13:51	Páxina 2 de 3
3675-1101	CSV: AHAFB4-EB415A-A54D4E-VTENBR-NTXRGC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**12. Formulación de rogos.**

**13. Formulación de preguntas.**

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público na páxina web municipal ós efectos de información.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez

Ante min, a secretaria xeral acctal. do Pleno  
Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/01/2023 13:51	Páxina 3 de 3
3675-1101	CSV: AHAFB4-EB415A-A54D4E-VTENBR-NTXRGC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		